



# PLAN DE ACTIVIDADES DA AGFQ 2024

## 1. INTRODUCCIÓN

### **A Nosa Misión:**

Contribuír ao coñecemento, estudo e investigación sobre a fibrose quística, así como promocionar e levar a cabo toda clase de accións destinadas a mellorar a situación das persoas con Fibrose Quística e das súas familias.

### **Visión:**

Constituírse nunha entidade consolidada e amplamente recoñecida pola sociedade en xeral, polos seus valores, compromisos e liderado nas metodoloxías de traballo e en procura da excelencia nas actuacións dirixidas ao grupo social das persoas afectadas de fibroses quística e das súas familias.

### **Nosos Valores:**

- Democracia interna.
- Solidaridade entre os seus membros.
- Impulso da participación dos seus membros e todas as súas actuacións.
- Transparencia e publicidade na xestión e actuación dos seus socios.
- Defensa das necesidades xerais por encima de intereses particulares.
- A defensa do grupo social como titular de dereitos, evitando as mensaxes sentimentalistas, paternalistas ou asistenciais.

### **Obxectivo:**

**Atención integral ás persoas con Fibrose Quística e ás súas familias para lograr unha mellor calidade de vida.**

## 2. ESTRATEXIAS A REALIZAR DURANTE O ANO 2024

### Eixo 1: Afianzar a sustentabilidade da asociación.

Unha das nosas principais metas é conseguir unha xestión financeira e sostible regular no tempo, sen a preocupación da aprobación das subvencións. Preténdese construír relacións cos nosos aliados de corresponsabilidade social. Para iso marcarémonos con obxectivos aplicar e diversificar as nosas alianzas e recursos e crear novas relacións máis sólidas e cun beneficio recíproco e estable.

#### OBXECTIVOS

- Diversificar as fontes de financiamento da Asociación para promover a nosa independencia.
- Cumprir cos criterios de diversificación de fontes de financiamento para os programas en aras de ser sostibles.
- Incorporar a responsabilidade social corporativa na nosa estratexia.
- Incorporar políticas ambientais na nosa estratexia.

#### Actividades:

- Buscar novas alianzas e financiadores.
  - Seguimento mensual da contabilidade analítica e o orzamento económico. Comunicación de resultados semestral.
  - Tenda on-line: impulso dos produtos solidarios: Pulmonitos, cuncas, bolsas, axendas escolares, roupa deportiva.
  - Incorporar ao Facebook pestana de doazóns e colaboracións.
  - Participar en convocatorias da provincia de Lugo.
- Afianzar políticas ambientais.

## Eixo 2. Comunicación interna e externa.

Atendendo á debilidade de que a Fibrose Quística é unha enfermidade minoritaria e aproveitando a nosa transparencia e bo facer, marcámonos como eixo visibilizar a enfermidade e ao seu colectivo e buscar a mellora continua na imaxe que ofrecemos ao exterior. A maior sensibilización, maior concienciación e máis accesibles vólvense os sectores sociais. A imaxe exterior será un factor crave para a sensibilización. Campañas de sensibilización, novas formas de comunicación.

### OBXECTIVOS

- Ofrecer unha imaxe de transparencia a través das canles de comunicación externa.
- Transmitir á comunidade unha información sobre FQ 100% fidedigna e inclusiva.
- Aumentar a visibilidade da FQ de maneira continuada para favorecer que a sociedade estea máis sensibilizada ás características psicosociais do colectivo FQ.
- Utilizar as canles de comunicación interna máis efectivos.
- Fomentar a implicación, participación e compromiso de todas as persoas que compoñen a entidade.

### Actividades

- Actualización da páxina web.
- Publicación de notas de prensa.
- Seguimento máis detallado das redes sociais.
- Realización de actividades de sensibilización e visibilización.
- Representar á Asociación ante organismos susceptibles de interés para o noso colectivo.
- Reinvidicar novos medicamentos de novas xeneracións.
- Desenvolver sistemas de información e ferramentas informáticas que melloren o seguimento da xestión da organización.

### Eixo 3. Equipo Humano

Na nosa análise estratéxica habemos observada que se recoñecen como debilidades a falta de participación e implicación das persoas asociadas, carencias en coordinación e planificación, precariado, sobrecarga de traballo etc., pero, aínda así, recoñécese como unha fortaleza ás persoas, tanto as xuntas directivas implicadas como os profesionais que traballan nas asociacións cun alto nivel de implicación e capacitación. Neste eixo desenvolveremos estratexias para protexer e axudar ao talento das persoas, a estabilidade dos mecanismos de coordinación a través de proxectos que favorezan a formación de persoal e xuntas directivas das asociacións.

#### OBXECTIVOS

- Fomentar a competencia profesional das persoas traballadoras.
- Mellorar de maneira continuada e sostida no tempo a satisfacción das persoas traballadoras.

#### Actividades:

- Realizar formacións aos traballadores de fronte ao aproveitamento da asociación.
- Incorporar novas medidas de conciliación familiar e ratificar a enquisa de desempeño.
- Identificar as necesidades de departamentos e delegacións ao redor dos proxectos.

### Eixo 4. Procura da calidade de vida e prestación de servizos.

Dentro dos nosos obxectivos atópase o realizar programas e actividades para mellorar a calidade de vida das persoas con fibroses quística nosa principal misión.

#### OBXECTIVOS

Consolidar unha carteira de servizos e proxectos de calidade centrada nas necesidades das persoas con FQ.

## **Actividades**


- Procura da calidade de vida e prestación de servizos.
- Buscar novas fontes de financiamento para o servizo de fisioterapia na Coruña.
- Definir o propósito da asociación.
- Incorporación de novos convenios con clínicas de fisioterapia e psicoloxía.
- Nova incorporación de fisioterapeuta para a zona de Vigo.








### 3. MAPA DE PROCESOS



**4. RECURSOS COS QUE CONTA A ASOCIACIÓN:** A Asociación Galega de Fibrose Quística conta para o seu desenvolvemento das súas actividades con os seguintes medios:

**ORGANIGRAMA**



RECURSOS TÉCNICOS	
Sede social	Avenida de Arteijo nº 85 baixo, A Coruña 15007.
Delegación de Vigo	Avenida de teixugueiras nº 15 baixo, Navia 36212.
Delegación de Ourense	Rúa Recaredo Paz 1, 32005
Delegación de Lugo	Polígono Fingoi, Rúa da Luz, 4 (27002, Lugo)

RECURSOS HUMANOS		
<b>Traballadora social área Sur Galicia</b>	Xornada parcial indefinida	Responsable de proxectos, voluntariado, prevención riscos laborais, formación
<b>Traballadora social área Norte Galicia</b>	Xornada parcial temporal	Responsable de sensibilización e redes sociais, contabilidade, xestión asociación
<b>Fisioterapeuta área Sur Galicia</b>	Xornada parcial indefinida	Responsable do servizo de fisioterapia en Pontevedra e Ourense
<b>Fisioterapeuta área Norte Galicia</b>	Xornada parcial indefinida	Responsable do servizo de fisioterapia de A Coruña e arredores
<b>Fisioterapeuta área Norte Galicia</b>	Xornada parcial indefinida	Responsable servizo de fisioterapia en Ferrol e Lugo

# PLAN DE ACTIVIDADES DA AGFQ 2024

